



Alegacións da Asociación Profesional de Bombeiros e Bombeiras Forestais de Galicia á proposta de contrato para o Persoal Laboral Fijo-Descontinuo de seis meses do SPDCF

Unha vez revisada a proposta de contrato para o mal chamado persoal de “apoiado campaña de verán alto risco”, dende a Asociación Profesional de Bombeiros e Bombeiras Forestais de Galicia queremos facer públicas as nosas alegacións. Estableceremos para elo unha primeira exposición e análise destas, incorporándoas posteriormente ó propio contrato proposto dende a Consellería.

Alegación 1: Cláusula Segunda

Dado o período que este persoal presta os seus servizos, non podemos estar de acordo coa vinculación da súa actividade nin á tempada de alto risco, nin á campaña de verán, xa que as súas tarefas poden estar, e están, situadas fora de ambos períodos. Propoñemos así mesmo nesta mesma cláusula a incorporación de “duración mínima” de seis meses a realizar “nun período ininterrompido”, coa posibilidade de “ampliarse” si a programación da Consellería así o necesitara. Resulta moi difícil de entender que, ante situacións como as que estamos a vivir nestes momentos, non se deixen as portas abertas a unha maior mobilización de efectivos fora dese período mínimo de seis meses.

Dende APROPIGA, unha vez máis solicitamos unha ampliación máis ambiciosa que a que se reflicte neste contrato, e que abrangue a todo o persoal fijo-descontinuo, estendendo os contratos do persoal de 9 meses a 12, así como un incremento paulatino do tempo no persoal de 6 meses. Unha ampliación que de novo está máis que xustificada cos eventos desgraciadamente ocorridos nos últimos días, e que pon de manifesto unha vez máis a necesidade dun servizo de calidade, constante no tempo, cualificado e orientado ás emerxencias no medio rural.

Alegación 2: Cláusula Novena

Propoñemos unha vez máis a eliminación nesta cláusula do concepto de “campaña de verán” polos motivos xa expostos anteriormente, e reflexamos que a reincorporación dos traballadores deberá ter un preaviso mínimo de 15 días de antelación, salvo que concorran situacións excepcionais ou de forza maior.

Alegación 3: Cláusula Décimo segunda

De conformidade coas particularidades específicas establecidas para o persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais no vixente Convenio Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, solicitamos a revisión íntegra desta cláusula, e propoñemos a mesma redacción que figura no Artigo 3.1 do actual Convenio en vigor.

Deste xeito, debe eliminarse a posible “resolución do contrato” de non superar calquera avaliación ou proba periódica proposta, xa que este persoal superou xa as probas físicas nos procesos de acceso do ano 2019, e que serviron para a súa **selección e contratación no posto que actualmente ocupan**. E, dada a súa actual condición de persoal laboral fijo-descontinuo, entendemos ademais que non procede a realización de ningunha proba física como a do ano 2019, agás para aquelas persoas de nova incorporación que poidan ser chamadas e contratadas.

Entendemos en definitiva incompatible esta cláusula coa situación actual, na que existe un contrato (obxecto dunha mellora) que ó rematar cada campaña queda suspendido, pero tense por reiniciado automaticamente na campaña seguinte.



Selo de rexistro da Oficina de Emprego

Código Contrato

POLA EMPRESA

Interinidade.

410

Nº Inscripción Seguridade Social (conta cotización) Cód. prov. Número Dix. contr. Réxime da Seguridade Social: Xeral

Table with 4 columns: Don/Dona, D.N.I., En concepto de, Nome ou razón social, CIF/NIF, Actividade económica, Domicilio Social, Localidade, C. Postal, Nº total traballadores en cadro de persoal, Domicilio Centro de traballo, Localidade, C. Postal, Nº traballadores en centro de traballo.

O/A TRABALLADOR/A

Table with 4 columns: Don/Dona, Nº afiliación S.S., Nivel de Estudos Rematados, Código, Data de nacemento, D.N.I., Domicilio

Coa asistencia legal, no seu caso, de D./Dª D.N.I./N.I.E., en calidade de (2)

DECLARAN:

Que reúnen os requisitos esixidos para a celebración do presente contrato e, en consecuencia acordan formalizalo con arreglo ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira: O/a traballador/a contratado/a prestará os seus servizos como (3) incluído no grupo profesional/categoría (4) de acordo co sistema de clasificación profesional vixente na empresa.

Segunda: O obxecto do contrato é a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais, de conformidade coas necesidades de programación que demande a tempada de alto risco na campaña de verán, establecidas pola Consellería do Medio Rural e do Mar. A duración máxima mínima, establécese en nun período ininterrompido de seis meses dentro de cada ano natural, podendo suspenderse e reanudarse ampliarse cando o demande a devandita programación.

No suposto de que o inicio da relación laboral sexa posterior ó chamamento e incorporación dos restantes efectivos da categoría e ámbito de que se trate, a duración máxima da prestación de servizos nese exercicio terá como límite a data fixada para a suspensión da actividade dos/as traballadores/as na correspondente programación anual.

- (1) Director/a, Xerente, etc.
(2) Pai, nai, titor/a ou persoa ou institución que o/a teña o seu cargo.
(3) Indica-la profesión.
(4) Sinala-lo grupo profesional e a categoría ou nivel profesional que corresponda, según o sistema de clasificación profesional vixente na empresa

Terceira: A xornada laboral será a tempo completo e de acordo coas particularidades específicas establecidas para o persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais no vixente Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Cuarta: O/a traballador/a percibirá unha retribución bruta mensual, conforme ao que establece o Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia que se distribuirá nos seguintes conceptos salariais: (6) Salario base máis complementos de singularidade de posto establecidos para ese posto na RPT

Quinta: Establécese un período de proba (7) conforme ao que establece o Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia de aplicación para esta persoal.

Sexta: As vacacións anuais serán (8) as establecidas conforme ao que establece a normativa vixente de aplicación para esta persoal, dadas as particularidades en relación co seu disfrute.

Setima A duración do contrato, estenderase **dende o / / e ata que se reincorpore o/a persoa que ocupa o posto (en caso de posto non vacante), ou se cubra, se reconvirta ou se amortice polos procedementos regulamentarios.**

Oitava: O contrato de duración determinada realízase para:

Para cubrir temporalmente un posto de traballo, ata a súa cobertura regulamentaria, ou ben, ata que se reconvirta ou se amortice polos procedementos legalmente previstos.

Substituír a traballadores/as con dereito a reserva de posto de traballo, sendo a causa:

O/a traballador/a contratado/a desempeñará o posto) da relación de postos de traballo da consellería, na que consta a observación de **campaña de verán alto risco.**

Novena: O inicio da prestación do traballador ~~para cada campaña de verán~~ virá determinada polo chamamento que para cada categoría e localidade realice o órgano de contratación competente por proposta de órgano xestor. **Dito inicio deberá ter un preaviso mínimo de 15 días de antelación, salvo que concorran situacións excepcionais ou de forza maior.**

A falta de norma pactada, a orde de chamamento en cada tempada dependerá en todo caso da orde de prelación inicial que serveu para a súa selección e contratación no posto que actualmente ocupa, en relación cos demais traballadores contratados para a campaña de verán de alto risco na mesma comarca ou distrito e para a mesma categoría

Décima: O presente contrato regularase polo disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación e, particularmente polos artigos 12 e 15 do Real decreto legislativo 1/1995, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, R. decreto 2.720/98, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o citado artigo 15 do Estatuto dos traballadores.

Undécima: O presente contrato rexistrarse na oficina de emprego correspondente.

CLÁUSULAS ADICIONAIS

Décimo segunda: **De xeito periódico, a** A Consellería do Medio Rural, establecerá ~~as probas físicas e/ou médicas periódicas a superar polo/a traballador/a~~ **sistemas permanentes que faciliten o mantemento físico, incluíndo avaliacións e probas periódicas acordadas coa idade e co** ~~tendo en conta as características do seu posto de traballo, a súa non superación suporá a resolución do contrato.~~

Décimo terceira: No non previsto nas cláusulas anteriores do presente contrato, as partes sométense tanto ao convenio colectivo vixente e demais normativa reguladora do persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia, coas particularidades derivadas da figura contractual utilizada.

E para que así conste, esténdese este contrato no lugar e data a continuación indicados, asinando as partes interesadas,

En Ourense, de de

A conselleira
P.D. O xefe territorial
(Orde do 30-03-2012, DOG núm. 70, do 12 de abril de 2012)

O/a traballador/a

(5) Diarias, semanais, mensuais ou anuais.

(6) Salario base e complementos salariais

(7) Haberá de respetarse, en todo caso, o que establece o artigo 14.1 do Estatuto dos Traballadores

(8) Mínimo 30 días naturais.

(9) Indicar si o posto de traballo a desempeñar será o do/da traballador/a da empresa que pase a desempeñar o posto de aquel/aquela. Igualmente deberá identificarse, no seu caso, o posto de traballo a cal cobertura definitiva producírase tralo proceso de selección externa ou promoción interna.